

CIRCULAR 258

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

MARZO 2016

OS CAMIÑOS DA PSICOLOXÍA

A IGUALDADE DE
HOMES E MULLERES.
UNHA DÉBEDA HISTÓRICA

8 DE MARZO,
DÍA INTERNACIONAL
DA MULLER

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Rocío García Calvo

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa / Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía e Coordinador coas Seccións de Psicoloxía da Intervención Social e Xurídica



Marta Rivas Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 259 de maio de 2016,
e sairá a principios do mes de maio de 2016.
A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de abril.

5	Información Xeral
13	Información das Seccións
18	Comisión para a defensa da profesión e prevención do intrusismo do COPG
19	GIPCE
20	Grupo de Tráfico e Seguridade
22	Comisión de Ética e Deontoloxía
25	Cursos, Xornadas e Congresos

*«Para dialogar,
preguntade primeiro;
despois... escoitade.»*

Antonio Machado

Editorial

A mediación, unha carreira de fondo do COPG

Na esencia da nosa profesión atópase a mediación, que require por parte do/a profesional unha escoita activa, un labor continuado de identificación das necesidades das persoas implicadas, das súas prioridades, traducíndoas, reuníndoas, delimitándooas; en definitiva, construíndo acordos e tendendo pontes para resolver conflitos. Non se comprende a mediación fóra da psicoloxía e neste sentido, é indiscutible o papel do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a súa implantación e divulgación na nosa Comunidade.

Neste ano cúmprense dezaseis anos desde que o noso Colexio creou a Comisión Intersectorial de Mediación, que recollía a herdanza de grupos de traballo previos e que asumía o reto de promover e divulgar a mediación, así como a formación de profesionais neste ámbito. Unha comisión de abordaxe interdisciplinar (xurídica, educativa, clínica e da saúde, da intervención social, das organizacións) que vén traballando intensamente para que esta alternativa á resolución de conflitos conquiste máis ámbitos a través de numerosas iniciativas.

A historia recente da mediación galega vén marcada pola aposta decidida do Colexio de Psicoloxía: participamos no establecemento da lexislación autonómica vixente en materia de mediación a través das nosas suxestións trasladadas á Xunta de Galicia como colectivo profesional implicado. E grazas ao que nos involucramos desde o Colexio, tamén é que en 2007 a Xunta

de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinamos unha nova colaboración para o desenvolvemento do programa de mediación familiar gratuíta, Mediagal.

Foron as bases para implantar un programa experimental de mediación familiar intraxudicial en 2009 na cidade de Santiago de Compostela, grazas á colaboración do noso Colexio, do de Avogados de Santiago de Compostela, da Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e da Xunta de Galicia, e xa que nese primeiro ano se demostrou como un modelo eficaz, rendible e útil para a cidadanía e para os e as profesionais da Xustiza. Un éxito que tampouco sería comprensible de non ser pola aposta decidida que o Xulgado de Familia fixo pola mediación, xa que contribuíu á divulgación da mediación e a que as partes implicadas a visen como un recurso útil.

Este modelo implantouse un ano máis tarde en Ourense e, despois de todos estes anos, podemos asegurar sen medo a equivocarnos que a mediación familiar foi un verdadeiro éxito na nosa Comunidade, con máis de 500 familias atendidas e cunha porcentaxe de acordo superior ao 50%. Consecuencia destes éxitos é que a finais de 2015 asinabamos un novo convenio para implantar este programa na Coruña e a intención é que chegue a Ferrol nos vindeiros meses.

Se extraemos unha visión de conxunto, podemos sentir orgullo ao comprobar como o convencemento do modelo da mediación, tan defendido polo noso Colexio, dá froitos no seo da Xustiza. Pero isto non implica que a situación sexa a idónea, nin de lonxe. Desde a nosa institución sabemos ben cales son os pasos a seguir.

A fase experimental destes convenios está máis ca superada. Neste sentido, a Administración pública debe ser responsable e asumir o seguinte paso: a convocatoria de prazas públicas, nas que aqueles ou aquelas profesionais con mellor preparación poidan optar a elas para exercer nunhas condicións de maior estabilidade e garantías. Unha garantía que se traslade tamén á sociedade; a mediación debe estar dentro da rede pública e ser accesible para toda a cidadanía, nas mesmas condicións, sen depender da súa localidade. E visto o éxito da mediación familiar, debe tamén abrirse a outros eidos, como a mediación penal, a educativa...

Desde o Colexio continuaremos a defender con convencemento no expresado: tanto na formación dos nosos Colexiados e Colexiadas, para que sexan profesionais cunha preparación que aspire á excelencia; na difusión do recurso, porque é ben seguro que a sociedade non pode demandar o que non coñece; e finalmente na esixencia aos poderes públicos do cumprimento das súas responsabilidades, instaurando un sistema público e con garantías no que a mediación sexa un recurso accesible para todas as persoas da nosa Comunidade Autónoma.

INFORMACIÓN XERAL

Relacións Institucionais

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada:

- Mantivo unha reunión, xunto co tesoureiro do COPG, Miguel A. Chouza Ponte, con membros do departamento de comunicación da Asociación de Hospitais de Galicia (AHOSGAL), para valorar a proposta de creación do Observatorio do Aseguramento Privado, e explorar vías de colaboración entre o COPG e AHOSGAL, o 9 de decembro.
- Acudiu á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, da que o COPG forma parte, o pasado 22 de decembro.
- Asistiu á recepción cidadá de Nadal do Concello de Santiago de Compostela o 22 de decembro.
- Participou na reunión do Pleno da Xunta Directiva de Unión Profesional de Galicia celebrada en Santiago de Compostela o 30 de decembro.
- Mantivo unha reunión o 3 de marzo, xunto co tesoureiro do COPG, Miguel A. Chouza Ponte, coa directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, M^a Amparo González Méndez; o director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez; o Fiscal Superior da Comunidade Autónoma de Galicia, Fernando Suanzes Pérez; o Xuíz de Familia de Santiago de Compostela, Roberto José Soto Sola; o decano do Colexio de Avogados de Santiago, Evaristo Nogueira Pol; a Decana do Colexio de Avogados de Ourense, Pilar López-Guerrero; o decano do Colexio de



M^a Rosa Álvarez Prada

Avogados da Coruña, Augusto Pérez-Cepeda; o subdirector xeral de Medios da Administración de Xustiza, Rafael Juanatey Mayán; e a subdirectora Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia, M^a Emmanuela Díaz Castro-Rial. Esta xuntanza tratou sobre a elección e a designación dos mediadores e mediadoras dos equipos de mediación intraxudicial conveniados entre as partes para 2016.

- Asistiu a unha xuntanza no Concello de Santiago de Compostela con fin de constituír a mesa de traballo para a elaboración dun Protocolo para a prevención de desafiuzamentos e a atención ás persoas afectadas o 11 de febreiro.

En representación do Colexio


M^a Jesús López Cernadas, presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, asistiu o 2 de decembro á reunión da Mesa sen Teito organizada pola Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde do Concello de Santiago de Compostela. Na mesma Concellaría acudiu tamén o 22 de xaneiro á cuarta xuntanza da Mesa sen Teito.

Eva Muíño Gómez, coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, e José Manuel Campal Fernández, membro da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO), asistiron o 2 de decembro a unha xornada de traballo dentro do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020 do Concello de Santiago de Compostela.

Eva Muíño Gómez, vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, acudiu o 20 de xaneiro ao I Plenario sobre Circulación e Estacionamento da Concellaría de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade do Concello de Santiago de Compostela. Tamén participou o 4 de febreiro na reunión que a Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade mantivo con responsables da Garda Civil de Tráfico e da Dirección Xeral de Tráfico.



Eva Muíño Gómez



José Manuel Campal Fdez.



Hipólito Puente Carracedo

O vicedecano, Hipólito Puente Carracedo, acudiu o pasado 12 de decembro ao acto inaugural das III Xornadas Galegas de Psicología do Tráfico e da Seguridade, organizadas polo Colexio, que se celebraron ese día na Escola Galega de Administración Pública en Santiago de Compostela.

M^a Leonor Galiana Caballero, vicepresidenta da Sección de Psicología da Intervención Social, participou na sesión extraordinaria do pleno do Consello Galego de Benestar Social celebrada o 18 de decembro en Santiago de Compostela.



Xavier Sardiña Agra

O presidente da Sección de Psicología e Saúde do COPG, Francisco Javier Sardiña Agra, mantivo unha xuntanza o 18 de decembro coa Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC) e con membros da Asociación Galega de Psicólogos Internos Residentes (AGAPIR) para tratar sobre a prestación de psicología clínica no centro.

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, participou na «II Xornada de Excelencia e Innovación en Psicología», que se celebrou en Madrid, o 11 de decembro, organizada por Psicofundación, coa participación do Consejo General de la Psicología, a Federación Iberoamericana de Agrupaciones de Psicología (FIAP) e o Colegio Universitario Cardenal Cisneros, xunto con outras entidades.

A secretaria, Rocío García Calvo, acudiu o 19 de xaneiro á xuntanza do Consello Municipal de Saúde que vén de activar novamente o Concello de Santiago de Compostela, tras dez anos sen actividade. Este organismo pretende reunirse trimestralmente co obxectivo, entre outros, de elaborar un plan municipal de saúde.

Os coordinadores dos Programas de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren violencia de Xénero e de Abramós o Círculo, Fátima López Rodríguez e Rubén Villar Trencó, mantiveron unha xuntanza o 22 de xaneiro con membros do Clube de Cans de

Familia Só Lles Falta Falar onde lle presentaron a asociación e parte do traballo terapéutico que ofrece a posibilidade de traballar con cans.

O Colexio asistiu á presentación da delegación en Galicia da Asociación Nacional de Informadores da Saúde (ANIS) que tivo lugar no Colexio Oficial de Médicos de Santiago de Compostela, o 29 de xaneiro.

Unión Profesional de Galicia, da que o COPG forma parte, organizou un almorzo informativo o 8 de febreiro co vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, ao que asistiu representación do noso Colexio e no que se trataron, entre outras, cuestións relativas á Lei de colexios profesionais e ao intrusismo.

M^a Jesús Sánchez Peteiro, membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade, acudiu o 2 de febreiro ao II Plenario sobre Transporte Público da Concellería de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade do Concello de Santiago de Compostela.



M^a Jesús Sánchez Peteiro

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 29 de xaneiro á reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de la Psicología da que é coordinadora.

O coordinador da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, José Luis Domínguez Rey, asistiu os días 5 e 6 de febreiro á reunión da Xunta Directiva da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos do Consejo General de la Psicología que tivo lugar en Madrid.

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu ás reunións de Xunta de Goberno e de Xunta Xeral do Consejo General de la Psicología, que se celebraron o 12 de decembro en Madrid, e á reunión de Xunta de Goberno que se celebrou o 13 de febreiro en Madrid.

Convenios de Mediación Intraxudicial

Respecto aos convenios que o Colexio Oficial de Psicología de Galicia mantén coa Administración Pública para os Equipos de Mediación Familiar Intraxudicial en Santiago de Compostela, Ourense e A Coruña, introducíronse novos requisitos de obrigado cumprimento segundo convenio para este ano, con aplicación de carácter inmediato, que son os seguintes:

- Designación de acordo a un sistema rotatorio cada catro meses da psicóloga ou psicólogo mediador titular e suplente.
 - O/A mediador non poderá realizar informes periciais de familia no correspondente partido xudicial durante o tempo no que está de titular no Equipo de Mediación Intraxudicial.
 - Necesidade de acreditar unha experiencia práctica mínima de dous meses en mediación familiar para poder exercer como titular.
-

Mapa de Profesionais

O COPG habilitou na web un mapa interactivo para que as persoas usuarias que o desexen poidan localizar psicólogos e psicólogas en Galicia segundo ás áreas e ámbitos nos que exerzan. Podes actualizar os teus datos a través do seguinte enlace <http://copgalicia.gal/axuda-de-acceso>, no apartado de «modificar datos», co usuario e contrasinal para o acceso restrinxido á páxina web.

Reunión de traballo coa Dirección Xeral de Familia

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e o tesoureiro, Miguel A. Chouza Ponte, reuníronse o 20 de xaneiro coa Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, M^a Amparo González Méndez onde trataron a posibilidade de implantar un Convenio de Mediación Intraxudicial na cidade de Ferrol.

Reunión de traballo con Protección Civil

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e a vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, reuníronse o 8 de febreiro co subdirector xeral de Planificación e Protección Civil da Xunta de Galicia, José Gil de Bernabé, e o xefe de servizo de Protección Civil, Pedro Luis Sánchez Castro. Nesta xuntanza abordáronse as liñas do convenio de colaboración para 2016 entre ambas as dúas institucións en materia de protección civil.

Estratexia de Desenvolvemento Urbano de Compostela

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia participou na elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (DUSI) do Concello de Santiago de Compostela, coa que comparte a identificación de problemáticas e retos a abordar polo municipio, así como na definición dos obxectivos estratéxicos e liñas de actuación establecidas, prestando o seu apoio e colaboración durante a fase de implementación da Estratexia. Esta Estratexia presentárase á convocatoria de axudas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.



Portada do Anuario Psicología e Saúde

Anuario da Sección de Psicología e Saúde do COPG

A Sección de Psicología e Saúde do COPG presentou no marco das XX Xornadas Anuais de Psicología e Saúde, celebradas en Lugo no mes de novembro, a nova edición do Anuario da Sección de Psicología e Saúde, o número 8, co nome «O amor». Está dispoñible para colexiados e colexiadas do COPG no apartado <http://cogalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude/publicacions>.

Observatorio Galego da Violencia de Xénero

No Observatorio Galego da Violencia de Xénero, do que o Colexio Oficial de Psicología de Galicia forma parte, están realizando un «Protocolo de coordinación e colaboración institucional fronte á violencia de xénero para a Comunidade Autónoma de Galicia». Desde este Observatorio enviaron un borrador inicial onde se describe o procedemento de actuación da Área de Servizos Sociais, que foi valorado por Rubén Villar Trencó e por Fátima López Rodríguez, responsables da coordinación dos Programas de Atención Psicolóxica en Violencia de Xénero, como representantes do Colexio ente e foron enviadas as achegas do Colexio ao respecto.




Alegacións

O Colexio Oficial de Psicología de Galicia presentou alegacións ao Borrador da Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia 2016-2020 (EGIA), solicitando a inclusión como temática na Estratexia do abuso sexual na infancia e na adolescencia, así como o impulso á educación e ao apoio psicosocial ás familias.

Medios de comunicación

Desde o **Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia** difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa> e <http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

-  <http://www.facebook.com/copgalicia>
-  www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia
-  <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolox%C3%ADa-Galicia-4811703/about>

Xa somos
2860 colexiadas
e colexiados

Tableiro de avisos

Novo enderezo electrónico: somos .gal

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ten desde este mes de setembro un novo enderezo na rede: podes visitarnos en www.copgalicia.gal e escribirnos a copgalicia@copgalicia.gal. Así integramonos no dominio .gal, co fin de contribuír a crear unha identidade comunitaria tamén na rede.

Lembra que realizamos a meirande parte das nosas comunicacións a través do correo electrónico, así que para garantir que non rematen na carpeta de SPAM, engade o noso enderezo aos teus contactos.

O teu número de colexiación ten moito valor: faino ver

O teu número de colexiación acredítate como profesional diante da sociedade: é o mellor aval para garantir que cumpres coa titulación e cos

requisitos legais para exercer como psicólogo ou psicóloga, sexa cal sexa a túa especialidade ou área de traballo.

Faino público nos informes que elaboras, no teu espazo de traballo, nas túas comunicacións...

Teño a obriga de colexiarme?

No conxunto do Estado español, é un **requisito indispensable** para o exercicio da profesión da psicoloxía estar incorporado ao Colexio Profesional correspondente. Todos os psicólogos e psicólogas que exerzan no ámbito público ou privado e baixo calquera fórmula de contratación, teñen esta obriga.

Este requisito recóllese do artigo 3.2 da Lei de Colexios Profesionais despois da reforma operada pola Lei 25/2009 (Lei Ómnibus), que mantén as obrigas vixentes.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓNS

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

Enlace ao apartado da Sección de Psicología da Intervención Social da páxina web do COPG:
<http://coggalicia.gal/secciones/intervencion-social>



Obradoiro «Elaboración de informes periciais e asistencia á vista»

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Formación específica sobre atención psicolóxica a persoas refuxiadas

Debido ao interese mostrado por algúns colexiados e colexiadas en formar parte dun posible servizo de atención psicolóxica a persoas refuxiadas, a Sección de Intervención Social do Colexio de Psicología de Galicia organizou unha **xornada informativa sobre a atención psicolóxica a persoas refuxiadas** o 28 de novembro de 2015.

Nesta actividade Gemma Vilas Martínez, mediadora intercultural do Concello de Vilaboia (Pontevedra), tratou sobre o perfil diferencial das persoas estranxeiras que chegan a Galicia e Joaquín Varela Riera, coordinador autonómico de Cruz Vermella, abordou o estatuto xurídico das persoas refuxiadas.

Da xornada xurdiu un grupo de máis de 30 profesionais para os que a Sección de Psicología da Intervención Social está a organizar formación específica sobre atención psicolóxica a persoas refuxiadas que se prevé realizar nos próximos meses.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

A Sección de Psicología Xurídica do COPG comezou o trimestre con dous eventos formativos dirixidos aos psicólogos e psicólogas con interese no ámbito. O sábado 16 de xaneiro tivo lugar a **IV Edición do Obradoiro «Elaboración de informes periciais e asistencia á vista»**, coordinado por M^a Alba Sousa González, vicepresidenta da Sección de Psicología Xurídica. Como vén sendo habitual, este obradoiro foi impartido pola psicóloga forense **Carmen González Pais**. O obradoiro tivo un alto éxito de participación e unha avaliación positiva por parte das persoas participantes.

O 13 de febreiro celebrouse o **Obradoiro «Práctica psicolóxica forense: avaliación pericial e valoración da perigosidade no ámbito penal»**, coordinado por María Penado Abilleira, vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica. Os obxectivos desta formación centráronse en coñecer as bases legais para a elaboración de informes periciais, analizar as principais técnicas de avaliación forense, elaborar informes de valoración da perigosidade no ámbito penal e coñecer as implicacións deontolóxicas na práctica pericial psicolóxica. O curso foi impartido por Rocío Gómez Hermoso, psicóloga forense dos Xulgados de Vixilancia Penitenciaria de Madrid.

Finalmente, a Sección informa que o próximo día 2 de abril celebrarase unha formación de carácter práctico sobre a **entrevista de avaliación forense**, co obxectivo de coñecer as características e facer prácticas sobre a mesma. Esta formación será impartida por **Jordi Bajet i Royo**, psicólogo forense con extensa experiencia na práctica privada e profesor da Universidade de Barcelona, Subdirector do Màster en Psicologia Forense i Criminal (UB) e supervisor Senior de l'Institut de Psicologia Forense (Barcelona).



Obradoiro «Práctica psicolóxica forense: avaliación pericial e valoración da perigosidade no ámbito penal»

*Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Xurídica da páxina web do COPG:
<http://copgalicia.gal/seccions/xuridica>*

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Neste ano 2016 continúan os contactos dos Grupos de Traballo da Sección de Psicoloxía e Saúde.

Están activos o grupo de traballo de Neuropsicoloxía, o grupo de titores PIR e os grupos de traballo sobre o tratamento de trastornos mentais severos e sobre atención primaria; todos eles pretenden dar difusión á situación actual na nosa Comunidade e propoñer liñas de actuación que dean lugar ao desenvolvemento da nosa profesión e a unha mellor atención aos usuarios e usuarias.

Formación realizada

O Grupo de Traballo de Neuropsicoloxía vén de organizar dúas actividades formativas coordinadas por Vanessa Vilas Riotorto. Entre o 13 de novembro e o 18 de decembro de 2015 celebrouse o curso **«Rehabilitación neuropsicolóxica a través de**



Curso «Rehabilitación neuropsicolóxica a través de casos clínicos»



Curso «Alteracións condutuais e emocionais con persoas con dano cerebral adquirido. Avaliación e programas de intervención neuropsicolóxica»

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <http://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude>

casos clínicos», impartido por **Rocío García Calvo, Ester Asensio Cubero e Cecilia Otero Dadín**, que contou con 27 asistentes que valoraron positivamente a súa orientación práctica.

Os días 19 e 20 de febreiro tivo lugar o curso «**Alteracións condutuais e emocionais con persoas con dano cerebral adquirido. Avaliación e programas de intervención neuropsicolóxica**», impartido por Sandra Rubial Álvarez e que contou con 28 asistentes.

Formación prevista

Os vindeiros 22 e 23 de abril terá lugar na sede do COPG en Santiago de Compostela o curso «**Achegas á transexualidade desde un modelo sexolóxico. Ferramentas para a atención ás persoas transexuais**». O docente será **José Ramón Landarroitajauregi Garai**, psicólogo, pedagogo, sexólogo e especialista en terapia de parella e familiar con ampla experiencia docente, director do Centro de Atención á Parella Biko Arloak de Bilbao. O curso terá unha duración de 12 horas e será coordinado por Alicia Carballal Fernández, vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde.

A Sección queda á espera de que nos envíedes suxestións sobre temas que sexan do voso interese.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA



Membros da Xunta Directiva da Sección con Iria Calleja

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Educativa da páxina web do COPG: <http://copgalicia.gal/seccions/educativa>

O 22 e 23 de xaneiro celebrouse o **Obradoiro «Prevención, diagnóstico e intervención en dislexia»**, impartido por **Iria Calleja Barcia**, psicóloga e profesora titora do Centro Asociado da UNED de Pontevedra, e coordinado por Manuela del Palacio García, presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa. Contou cunha elevada participación, que fixeron unha valoración positiva do mesmo.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Sesión de traballo: temáticas e retos da Sección

As actividades da Sección programadas para 2016 iniciáronse cunha **sesión de traballo sobre «Equipos de traballo e retos organizativos da Sección PTO»** que tivo lugar o pasado 30 de xaneiro no salón de actos do Colexio. Foi un punto de encontro das colexiadas e colexiados da Sección PTO do COPG e da División PTORH para presentar e debater un programa con cuestións de interese profesional que van vertebrar o contido dos eventos ao longo dos próximos meses. Contouse coa intervención de **José Manuel Campal Fernández, José Luis Domínguez Rey, Carlos Montes Piñeiro, M^a Concepción Prado Álvarez e Israel Villar Enjo** que abordaron as distintas temáticas presentadas na xornada: os programas de apoio ás persoas empregadas; os retos na área de saúde e benestar ocupacional; a acreditación do psicólogo e psicóloga experta en «coaching»; convocatorias públicas e selección de persoal, así como a problemática do intrusismo e os perfís profesionais.

Por outra parte, atendendo aos fins, ás funcións e á estrutura da sección, incidiuse no papel e funcionamento dos equipos de traballo internos e en impulsar a participación dos asociados e asociadas nas distintas tarefas e retos que se teñen que



Sesión de traballo sobre
«Equipos de traballo e retos
organizativos da Sección
PTO»

acometer no período 2016-2017. A sesión de traballo finalizou sinalando as temáticas a debate no III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia e os retos da División PTORH e do Comité EuroPsy de Psicoloxía do Traballo, as Organizacións e Recursos Humanos para a acreditación de especialista e os traballos iniciados sobre a Norma ISO-TC-260 para a normalización da xestión dos RRHH.

Consultoría de procesos. Nova edición

A Asociación Catalana Dirección de Recursos Humanos abriu o prazo de pre inscrición e recepción de solicitudes para a 14ª Edición do «Curso en desenvolvemento organizacional e consultoría de procesos». Remítirase información ás asociadas e asociados da Sección sobre esta acción informativa que dará comezo no mes de maio e que está dirixida e impartida por Itamar Rogovsky, Ph.D.S.C.L., asesor académico Adv. de Atlantic International University EE.UU.

Información:

<http://www.aedipeatalunya.com/wp-content/uploads/2015/05/diptic2015.pdf>

Certificado especialista en PTO

O pasado 5 e 6 de febreiro celebrouse en Madrid a primeira reunión do ano da Xunta Directiva da División PTORH, na mesma informouse que a Federación Europea de Asociacións de Psicoloxía (EFPA) nas mesmas datas acaba de aprobar o Certificado EuroPsy de Traballo e Organizacións, deseñado co propósito de servir de garantía de cualificación profesional. Os traballos iniciados en 2012 polo Comité Nacional de Acreditación EuroPsy de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións no marco deste proxecto europeo para implantar o certificado de especialista culminaron coa validación por parte da EFPA . Quedamos á espera de que se inicien os traballos pertinentes para poñer en marcha o procedemento atendendo aos requisitos e competencias que se esixan.

http://www.infocop.es/view_article.asp?id=5614

<http://www.efpa.eu/>

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: <http://copgalicia.gal/seccions/traballo-e-das-organizacions>

**COMISIÓN PARA
A DEFENSA DA
PROFESIÓN E
PREVENCIÓN DO
INTRUSISMO
DO COPG**

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia conta entre os seus órganos coa Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo. Esta Comisión está formada por **M^a Concepción Prado Álvarez**, vicesecretaria do COPG e coordinadora da Comisión, **José Manuel Pazos Riveiro**, anterior valedor dos/as Colexiados e **Xabier Macías Virgós**, antigo decano do COPG. Entre os obxectivos desta Comisión figuran os de fomentar e potenciar o recoñecemento da psicoloxía como profesión necesaria na sociedade actual así como o fortalecemento e dignificación da mesma, a través de mecanismos en aras de erradicar a proliferación das pseudoterapias, pseudociencias ou prácticas non reguladas.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a través desta Comisión vai proceder contra estas persoas que se presentan como profesionais da psicoloxía e non contan coa titulación requirida para prestar atención psicolóxica en consulta ou impartir cursos de contido psicolóxico. O COPG está a tomar as medidas e accións necesarias que consigan dificultar e tratar de eliminar o intrusismo profesional na nosa profesión.

As necesidades de atención psicolóxica fóronse incrementando especialmente nos últimos anos, como consecuencia da crise social e económica que atravesa o país e que ocasionou o aumento do número de persoas que precisan apoio psicolóxico para facer fronte a problemas derivados do desemprego, da perda de vivenda, da falta de recursos económicos, entre outros. Consecuente-mente, e agravando o intrusismo profesional que vén afectando de forma continuada ao campo da psicoloxía, produciuse un incremento na oferta de obradoiros e formación de todo tipo de pseudoterapias, así como na apertura de gabinetes por parte de profesionais sen titulación e/ou sen os demais requisitos legais esixidos nos que se prestan servizos de psicoloxía.

Entre as consecuencias do exercicio dunha actividade sen estar en posesión da titulación axeitada atópanse a competencia desleal cara aos profesionais Colexiados e Colexiadas xunto coa desacreditación xeneralizada da profesión. Ademais os usuarios e usuarias son tratados por «falsos/as» profesionais, tendo iso como consecuencia un risco para a súa saúde.

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia aconséllase sempre aos usuarios e usuarias que soliciten ao/á profesional que se



Membros da Comisión

Toda persoa que queira poñer en coñecemento desta Comisión posibles situacións de intrusismo, pode contactar coa Comisión para a Defensa da Profesión e a Prevención do Intrusismo do COPG a través do número de teléfono 981 534 049 ou no enderezo de correo electrónico copgalicia@copgalicia.gal

identifique a través do seu número de Colexiado/a, o cal acredita o/a profesional diante da sociedade: é o mellor aval para garantir que cumpre coa titulación e cos requisitos legais para exercer como psicólogo ou psicóloga, sexa cal sexa a súa especialidade ou área de traballo.

Para o exercicio da profesión da psicoloxía, segundo a normativa vixente en materia de Colexios Profesionais, é un requisito indispensable estar incorporado ao colexio profesional correspondente (colexio profesional da Comunidade Autónoma na que exerza a maior parte da actividade). Todos os psicólogos e psicólogas que exerzan no ámbito público ou privado baixo calquera fórmula de contratación teñen a devandita obriga.

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)



Seminario «Repensando as intervencións de 2015»

Enlace ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG:
<http://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce>

Formación interna

O 13 de febreiro tivo lugar o **Seminario «Repensando as Intervencións de 2015»**, no que se revisaron as intervencións do GIPCE máis destacadas do ano pasado coa finalidade de debater e reflexionar cara futuras intervencións.

Informacións

■ No último número da revista *Mosaico*, editada pola Federación Española de Asociacións de Terapia Familiar, saíu publicado un monográfico sobre a intervención psicolóxica en situacións de emerxencia e catástrofe con tres artigos escritos por distintos membros do GIPCE:

- *Reflexións sobre a intervención psicolóxica en situacións de crise*. M^a Carmen González Hermo, Concepción López Martín.
- *Mediación en emerxencias e catástrofes*. José Ramón García Gómez.
- *Atención psicolóxica ás familias no accidente de Angrois*. Fernando González Iglesias, Concepción López Martín e M^a Luz Losada Somoza.

■ O día 13 de febreiro realizouse a xuntanza interna anual do Grupo, na que se expuxeron as informacións máis destacadas de cada unha das áreas de traballo na Comisión Coordinadora así como os obxectivos máis salientables de cara a este ano.

Reunión de grupo

O 27 de febreiro celebrouse no salón de actos do COPG a primeira reunión de 2016 do Grupo, na que se desenvolveu o relatorio «Os accidentes de tráfico e as persoas maiores como condutoras. Casuísticas e responsabilidades», impartido por Manuel Merelles Pérez, procurador do Tribunal N° 85 do Ilustre Colexio de Procuradores de Santiago de Compostela.

GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE



Relatorio «Os accidentes de tráfico e as persoas maiores como condutoras. Casuísticas e responsabilidades»

Reunión tripartita

O día 4 de febreiro mantívose na sede colexial unha reunión tripartita coas persoas responsables das 4 Xefaturas de Tráfico de Galicia e Oficinas Locais da DGT así como o Xefe da Garda Civil de Tráfico de Galicia e representantes da Comisión do Grupo de Tráfico, no COPG, para unificar criterios e lograr unha comunicación máis fluída. A intención é lograr unha maior concienciación tanto da sociedade como tamén dos e das profesionais da psicoloxía que realizan avaliacións nos centros de recoñecemento con relación ás condicións e facultades cognitivas das persoas condutoras maiores que están sendo obxecto de revisións extraordinarias por parte da Garda Civil no caso de detectar condutas anómalas ao volante.



Reunión con responsables de Tráfico

Outras informacións

- As vindeiras Xornadas de Concienciación celebraranse en Ferrol e Santiago, durante o primeiro semestre do ano. Neste momento estase rematando de coordinar as datas e lugares.
- O programa Psicovial 2015/2016 continúa o seu desenvolvemento en Ourense, atopándose neste momento no remate da fase de grupo para pasar ao seguimento individualizado.
- En canto ao programa Sevime, desenvolveuse outra intervención en colaboración coa Policía Local de Vigo o día 9 de febreiro na que interveu Diego Lorenzo Torres, colexiado membro do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG.
- Segue aberta a posibilidade de colaboración das colexiadas e colexiados do Grupo de Tráfico nos proxectos de investigación, tanto para avaliar instrumentos con penados como de screening na condución con maiores. As persoas interesadas deberán comunicalo no enderezo electrónico do Grupo grupotrafico@cop.es, especificando:

1. Investigación condutores/conductoras maiores.
2. Investigación conductoras/condutores penados.

Igualmente admítense suxestións e ou propostas a través deste enderezo de e-mail.

*Enlace ao apartado do Grupo de Tráfico e Seguridade da páxina web do COPG:
<http://copgalicia.gal/grupos-comisions/trafico-e-seguridade>*



Colexio Oficial de
Psicología de Galicia

ASESORÍAS

XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

Informes clínicos e informes periciais (I parte)


Existe certa confusión entre os informes clínicos e os periciais (tamén chamados forenses) e, se ben comparten algunhas características, tamén hai diferenzas relevantes derivadas do feito de que se emiten en contextos de intervención distintos, e polo tanto requiren coñecementos e habilidades claramente diferenciadas.

Tanto na avaliación clínica como na forense procédese ao estudo do estado mental da persoa, pero na primeira avaliación realízase con fins diagnósticos e terapéuticos, para aliviar o sufrimento das persoas no marco dun contexto asistencial, e polo tanto constitúe o núcleo da intervención. En cambio, o interese da avaliación do estado mental no entorno forense é máis relativo, formando parte dunha das posibles áreas da exploración dependendo do obxecto da pericial. Para o psicólogo ou psicóloga clínica, por exemplo, é fundamental coñecer as distintas alternativas terapéuticas existentes e cales son máis axeitadas para o caso concreto. A psicóloga ou psicólogo forense, pola contra, non precisa ese coñecemento, xa que, en todo caso, cando detecta a necesidade de intervención clínica debe derivar o caso a un ou unha profesional especializada. Para o psicólogo ou psicóloga forense é moito máis importante posuír coñecementos sobre as repercusións dos diferentes estados psicopatolóxicos nas cuestións de interese xurídico (v.gr. responsabilidade criminal, capacidade procesual, lesión ou secuela psíquica, capacidade parental) a fin de establecer unha relación causal entre ese estado e a cuestión xurídica. A función do psicólogo ou psicóloga no campo forense é de axuda na toma de decisións xudiciais, dando soporte á administración de xustiza e asesorando sobre aqueles fenómenos psicolóxicos, condutuais e relacionais que inciden no comportamento legal das persoas, estando regulada a función pericial nos artigos 335 e seguintes da LEC (1/2000).

Así, aínda que a intervención dos psicólogos e psicólogas de calquera especialidade é unha práctica común no ámbito xudicial, habería que distinguir entre a testemuña-perito, que informa sobre aspectos da súa intervención clínica cun paciente concreto (proba documental) e o/a perito ou forense, que realiza

valoracións psico-legais, e relaciona aspectos psicolóxicos con cuestións xurídicas (proba pericial). Polo tanto, se ben non existe impedimento legal para que calquera persoa que posúa a titulación en psicoloxía realice un informe pericial, o artigo 17 do Código Deontolóxico (CD), que fala da capacitación e cualificación para as tarefas que ten que desempeñar, impón límites a esta cuestión. Cómpre non esquecer que a proba pericial está a ter un peso moi importante nas decisións xudiciais, polo que a psicóloga ou psicólogo que emite este tipo de informes debe ser consciente das importantes implicacións que pode ter para as persoas (prisión, medidas cautelares, asignación de custodia...) e actuar coa máxima responsabilidade, garantías éticas e científicas, de acordo cos estándares aceptados a nivel nacional e internacional. O descoñecemento das peculiaridades da avaliación forense é un dos motivos das frecuentes queixas sobre estes e estas profesionais, xa que, en lexítima defensa dos seus intereses (por moi espurios que nos poidan parecer nalgún caso) as persoas que se senten prexudicadas presentan reclamacións contra as psicólogas e psicólogos. Por esta razón aprobouse a Proposición non de Lei 161/002019 (Boletín Oficial das Cortes Xerais, 15 de outubro de 2013) demandando o establecemento duns requisitos mínimos na formación de psicólogos e psicólogas forenses e outras e outros peritos xudiciais. Abondando nas diferenzas máis salientables entre o contexto clínico e o forense, estas atinxen a dúas cuestións fundamentais: a confidencialidade e a simulación.

Respecto á primeira, na práctica clínica a relación constrúese sobre a base da confianza do ou da paciente sobre a discreción da ou do terapeuta, e o establecemento desta alianza terapéutica é clave para o éxito en terapia. A confidencialidade só podería romperse naqueles casos legalmente establecidos pola obriga de denunciar feitos delituosos, de declarar en procesos xudiciais cando existe tal demanda, ou cando se trata de evitar un dano maior para o ou a paciente ou outras persoas. O principio de confidencialidade ten máis limitacións na práctica forense, referidas exclusivamente á información relevante para o caso e cunhas persoas determinadas (os xuíces e xuízas), xa que os resultados da avaliación van ser analizados polos distintos



operadores xurídicos (p.e., xuíces/as, fiscais, avogadas/os). Neste sentido, o psicólogo ou psicóloga forense ten que informar ao seu cliente desta circunstancia e obter o seu consentimento. O mesmo pasa co dereito á información, regulado nos artigos 25 e 42 do CD, de xeito que cando a petición de informe vén do organismo xudicial é este o que debe recibir primeiro esta información (ambas as partes teñen dereito a acceder á información ao mesmo tempo para garantir o seu dereito a unha tutela xudicial efectiva). As limitacións ao deber de confidencialidade constitúen unha das razóns para que os roles profesionais de clínico e forense deban estar separados, amén dos riscos para a imparcialidade que podería supoñer a dualidade de funcións.

No que respecta á simulación, no campo da psicoloxía clínica a demanda de axuda é xeralmente voluntaria, de forma que o ou a profesional asume que o informado pola ou polo paciente é sempre verdadeiro. No entorno forense, polo contrario, tal e como se recolle nas diferentes versións do DSM (Manual diagnóstico e estatístico dos trastornos mentais), sempre hai que sospeitar simulación, xa que a participación da persoa na avaliación está determinada polo seu papel no proceso xudicial (denunciante ou persoa denunciada) de xeito a que a persoa pode ter razóns poderosas para falsear a súa imaxe en dirección á simulación (esaxeración de sintomatoloxía) ou disimulación (ocultación de sintomatoloxía) co fin de obter beneficios (v.gr., acadar a custodia duns ou dunhas menores, unha compensación económica, vinganza) ou evitar prexuízos (p.e., ingresar en prisión). Por iso, aínda que a relación que se establece co ou coa cliente debe estar baseada no establecemento dun adecuado *rapport*, non ha lugar á empatía, como ocorre no ámbito clínico.

Continuará na vindeira Circular Informativa.

*Enlace ao apartado da
Comisión de Ética e
Deontoloxía da páxina
web do COPG:
[http://copgalicia.gal/
grupos-comisions/
comision-de-etica-e-
deontoloxia](http://copgalicia.gal/grupos-comisions/comision-de-etica-e-deontoloxia)*

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, xornadas e congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

OBRADOIRO: ENTREVISTA DE AVALIACIÓN FORENSE

Datas: 2 de abril de 2016

Lugar: Santiago de Compostela

Organiza: Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

CURSO: ACHEGAS Á TRANSEXUALIDADE DESDE UN MODELO SEXOLÓXICO. FERRAMENTAS PARA A ATENCIÓN ÁS PERSOAS TRANSEXUAIS

Datas: 22 e 23 de abril de 2016

Lugar: Santiago de Compostela

Organiza: Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

III CONGRESO DE PSICOLOXÍA PROFESIONAL DE GALICIA

Datas: 2, 3 e 4 de xuño de 2016

Lugar: Pazo de Congresos de Santiago de Compostela

Organiza: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

XORNADA FORMATIVA PARA TERAPEUTAS DOS PROGRAMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Datas: 17 e 18 de xuño de 2016

Lugar: Santiago de Compostela

Organiza: Programa Abramós o Círculo e Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

III Congreso de Psicología Profesional de Galicia

Pódese ver o vídeo promocional do III Congreso de Psicología Profesional de Galicia no que participan a decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e o presidente do Comité Organizador, Víctor Manuel Torrado Oubiña. Está subido na páxina web do III Congreso e tamén se lle deu difusión a través das redes sociais, onde leva máis de 8.000 visionados. Na web podes consultar o programa científico e inscribirte.

O Comité Organizador do III Congreso de Psicología Profesional de Galicia ampliou o **prazo de presentación para comunicacións ata o 31 de marzo de 2016**. Os traballos poden presentarse en calquera dos idiomas oficiais do congreso (galego e castelán) e as comunicacións poden ser con formatos de comunicación oral, póster ou simposio. Para o envío das propostas cómpre que empregues a plataforma electrónica habilitada na web do Congreso <http://iiicongresodepsicologia.copgalicia.gal/programa>.

Pódese optar a premio na modalidade de presentación en formato de comunicación oral e de comunicación escrita (póster). O Comité Científico seleccionará os mellores traballos de cada modalidade en función da súa calidade, orixinalidade e riqueza expositiva e dará a coñecer os traballos gañadores no transcurso do Congreso.

Para os/as congresistas xestionáronse dúas ofertas:

- Desconto no aloxamento no Hotel Oca Puerta del Camino (xunto á sede do Congreso).
- Desconto do 30 % en billetes de RENFE.



Vídeo promocional do III Congreso de Psicología Profesional de Galicia

Avance do programa do III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia


Lugar: Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia, Santiago de Compostela

Venres 3 de xuño

Hora	Sala Santiago	Sala 2	Sala 3	Sala 4
09:00	Conferencia 3: <i>O fallo humano</i>	Simposio 1: <i>Menores en conflito social</i>	Simposio 19: <i>Ambitos da mediación</i>	Simposio 14: <i>Trauma e apego</i>
10:30	Simposio 3: <i>Psicoloxía e coaching</i>	Conferencia 1: <i>Programa menores infractores: intervención educativa e terapéutica</i>	Simposio 13: <i>Psicoloxía e atención primaria de saúde</i>	Conferencia 8: <i>O psicólogo/a no traballo en rede: do déficit á invención</i>
12:00	Acto Inaugural			
12:30	Conferencia Inaugural Conferencia 2: <i>Menores en situación de risco e desamparo</i>			
13:30	Simposio 2: <i>Protección da infancia e da adolescencia</i>	Conferencia 6: <i>Investigación sobre as consecuencias psicolóxicas en vítimas de desastres</i>	Simposio 9: <i>Intervención en violencia de xénero</i>	Simposio 23: <i>Psicoloxía e sociedade</i>
15:00	Conferencia 12: <i>Pasado, presente e futuro da psicoloxía educativa</i>	Simposio 20: <i>Mediación e xustiza</i>	Simposio 22: <i>Abrindo camiño</i>	Simposio Comunicacions 2
16:30	Simposio Comunicacions 1	Simposio 16: <i>Psicoloxía da intervención social</i>	Conferencia 7: <i>A relación do/a psicólogo/a educativo/a coas familias</i>	Simposio 7: <i>Empregabilidade, innovación e emprendemento en psicoloxía</i>
18:00	Conferencia 10: <i>Perfilación psicolóxica na práctica forense de delitos violentos</i>	Simposio 17: <i>Achegas da psicoloxía á atención temperá</i>	Conferencia 9: <i>Achegas da psicoloxía ao desenvolvemento do talento deportivo</i>	Simposio 18: <i>Diversas vidas, mortes diversas: a axuda no final</i>

Sábado 4 de xuño

Hora	Sala Santiago	Sala 2	Sala 3	Sala 4
09:00	Simposio 12: <i>Suicidio</i>	Simposio 10: <i>Violencia na educación / Educación violenta</i>	Simposio 6: <i>Psicoloxía na empresa: reflexións e experiencias prácticas</i>	Simposio Comunicacions 3
10:30	Conferencia 4: <i>Mitos e realidades sobre a velez e a saúde</i>	Conferencia 5: <i>O futuro da psicoloxía en seguridade viaria</i>	Simposio 11: <i>Orientar en educación</i>	Simposio 21: <i>Neuropsicoloxía</i>
12:00	Simposio 4: <i>Psicoloxía e corrupción</i>	Simposio 8: <i>Psicoloxía do tráfico en Galicia</i>	Simposio 5: <i>Investigación beca Siota</i>	Simposio 15: <i>Envellecer hoxe</i>
13:30	Conferencia 11 (clausura): <i>Neurociencia e retos en psicoloxía</i>			
14:30	Acto clausura			



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal


HORARIO


Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio
De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h,
e os venres de 9.00 a 15.00 h

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionales
de Psicológos